

## **PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARTICULARES PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN VILLA LUCINDA.**

---

### 1- OBXECTO DO PREGO

O obxecto do presente Prego de Prescripciónes Técnicas é o establecemento das condicións que han de rexer a contratación do subministro e instalación dun ascensor en *Villa Lucinda*, Culleredo.

### 2- ESPECIFICACIÓNES TÉCNICAS

1. Carga: 450 Kg. (6 persoas)
2. Velocidade: 1,00 m/seg.
3. Paradas/Accesos: Dúas (2)/ Dúas (2). Embarques no mesmo fronte.
4. Percorrido: 4.50 m. aproximadamente.
5. Cadro de manobra: Por sistema modular (MCS) e programa de resposta relativa (RSR+) para despacho de chamadas.
6. Control de movemento: Control por variación de voltaxe e variación de frecuencia.
7. Máquina: Motor de 3 Kw. de potencia.
8. A tracción será a través de cintas planas de poliuretano reforzadas.
9. O grupo tractor deberá ser sen engranaxes e con imáns permanentes.
10. Cabina: Medidas interiores: 1000 mm de ancho x 1250 mm de fondo x 2200 mm de alto  
Portas autonómicas de apertura telescópica (dúas follas) de 800 mm de paso libre e 2000 mm de altura; rematadas en aceiro inoxidable AISI 304.  
Operador de portas de cabina de velocidade regulada dixitalmente.  
Chan preparado para pavimento antideslizante a determinar pola propiedade.
11. Portas de piso: Automáticas de apertura telescópica (dúas follas) de 800 mm de paso libre e 2000 mm de altura; rematadas en aceiro inoxidable 18/8 AISI 304.
12. Cuarto de máquinas: Sen cuarto de máquinas.
13. Preinstalación Sistema R.E.M.: Sistema R.E.M., ou similar, mediante a incorporación de módulos operativos, que permita a recepción de avarías e a comunicación bidireccional de persoas atrapadas en cabina coa central de avisos telefónicos "24 horas" a través de liña telefónica.
14. Medidas de oco necesario: 1550 mm de ancho x 1600 mm de fondo.
15. Foxo: 1000 mm.
16. Sobrepercorrido de seguridade. 3400 mm
17. Sinalización:
  - En cabina: Indicador electrónico de posición e dirección, panel de control con pulsadores de chamada de microrecorrido, cóncavos , enmarcados en placas acabadas en cromo con numeración arábica e sistema braille, alarma e apertura de portas. Mandador curvo de teito a chan, con iluminación procedente do mandador.

- Na planta baixa: Indicador luminoso de ocupado.  
Indicador luminoso de posición.
  - Nas plantas altas: Indicador luminoso de ocupado.
16. Paracaídas: Ancoraxe progresivo de cabina en caso de velocidade indebida, asegurando suavidade na parada. Accionado por limitador centrífugo de velocidade.
17. Outros equipos incluídos: Detector de sobrecarga en cabina.  
Comunicación bidireccional en cabina, 24 horas, con centro de emerxencias.  
Operador de portas de cabina de velocidade regulada dixitalmente.  
Dispositivo de seguridade contra sobrevelocidade de cabina no sentido de subida.  
Os indicados na nova Directiva de Aparatos Elevadores 95/16CE R.D1314/97.

### 3- OUTRAS CONSIDERACIÓNS.

Cumprimento das obrigas empresariais que establece a Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como a normativa e a regulamentación que lle sexa de aplicación no seu caso.

### 4- INSTALACIÓN E POSTA A PUNTO.

O equipo se subministrará completo, incluíndo todos aqueles elementos necesarios para a súa correcta instalación, posta a punto e funcionamento.

### 5- DOCUMENTACIÓN.

Xunto coa documentación requirida polo Prego de Cláusulas Administrativas, deberá presentarse a seguinte documentación técnica, debidamente firmada polo representante da empresa concorrente ó procedemento:

1. Características técnicas do produto ofertado.
2. Condicións de garantía.
3. Planificación e condicións do subministro e instalación.
4. Calquera outra documentación considerada de interese.

### 6- GARANTÍA OFRECIDA.

O provedor garantirá a calidade do material e da instalación durante o prazo de UN ANO contado a partires da data na que finalice a instalación.

Finalizado o período de garantía, os compromisos expostos poderán establecerse mediante o oportuno contrato de mantemento, si así o considerase oportuno o Concello.

As propostas deberán reflectir as condicións de garantía e mantemento, incluíndo o tempo de resposta ante unha avaría, formas de atención ó cliente, etc..